Nomes de posesor na toponimia do concello de Begonte (Lugo)

Paulo Martínez Lema
Instituto da Lingua Galega (USC)

Resumo:

Este artigo estuda os topónimos procedentes de antigos nomes persoais no concello de Begonte (Lugo). Primeiramente realízase unha clasificación do material toponímico empregado, para a continuación desenvolver a súa análise etimolóxico-lingüística.

Palabras chave:

Toponimia galega. Antroponimia prerromana, latina e xermánica.

Abstract:

This paper studies the toponyms based on old personal names in the council of Begonte (Lugo). Firstly, a classification of the toponymic material is formulated; then, this material is analyzed from an ethymologic and lingüistic point of view.

Key words:

Galician Toponymics. Pre-latin, Latin and Germanic Antroponymics.

1. Introdución

O concello de Begonte, situado no sur da comarca natural da Terra Chá e próximo aos de Outeiro de Rei e Lugo, presenta un número considerabelmente elevado de topónimos procedentes de antigos nomes persoais. Baixo a denominación xeral de *antropotopónimos* ou *topónimos deantroponímicos*, podemos incluír aqueles topónimos que teñen a súa orixe en nomes de posesores medievais, mais tamén os etnotopónimos (xentilicios que pasan a ter función toponímica) e inclusive os haxiotopónimos, pois entre a freguesía e o seu santo epónimo non deixa de existir unha relación de posesión en moitos sentidos análoga á que se daba entre o señor dunha *villa* ou *fundus* e as súas propiedades. Aínda habería que incorporar aqueles topónimos xerados por apelidos ou alcuñas familiares, xeralmente pluralizados.

Revista Galega de Filoloxía, ISSN 1576-2661, 2007, 8: 125-155
Data de aceptación: Novembro 2006

Para o presente traballo cinxímonos unicamente aos topónimos que enlazan con antigos nomes de posesor e aos haxiotopónimos. Deixamos para outra ocasión casos coma o de *Virís* (moi probabelmente un etnotopónimo) ou *Os Carrachos* (seguramente unha alcuña familiar nas súas orixes). Ademais, limitarémonos ao terreo da toponimia maior, e máis en concreto a toponimia maior recollida no *Nomenclátor de Galicia* editado pola Xunta.

Neste sentido, a toponimia menor pode resultar en principio menos atraente para o estudo da antropotoponimia, pois o que encontramos maioritariamente neste eido son topónimos "transparentes", alicerzados en apelativos aínda en uso e perfectamente intelixíbeis para o usuario. Porén, de cando en vez emerxen entre os nomes das fincas e propiedades algúns topónimos que indubidabelmente remiten a nomes persoais, en ocasións moi antigos: podemos pór o exemplo do *Prado de Ardifonso* e *Agra de Libor*, na freguesía de Santiago de Felmil, ou *Tuín*, nome baixo o que se coñece un conxunto de terras de labor repartidas entre as freguesías de San Salvador de Damil e Santa María de Saavedra. Outras veces o nome persoal é moito máis recente, como no caso da tenza denominada *Xanguerra*, tamén en Damil.

2. Repertorio toponímico e clasificación

Consideramos para o noso traballo os seguintes topónimos:

Altide	Damil	Martín de Abaixo
Armental	Denune	Martín de Arriba
Baamonde	Donalbai	Quitimil
Baldomar	Dongrandeo	Romariz
Baltar	Donsión	Saamil
Begonte	Felmil	Sandulfe
Besgode	Gaibor	Santalla de Pena
Fonte Almesendre	Goldar	Senande
Buíde	Guimarás	Toimil
Cao (Porta do)	Illán de Abaixo	Uriz
Cardeite	Illán de Arriba	Vilaflores
Cenlle (Vilar de)	Illoi	Xulfe

Son varios os criterios que podemos utilizar para a clasificación e organización deste material toponímico. Nós consideraremos os seguintes:

a) topónimos integrais / topónimos elípticos: tomamos estas etiquetas de Piel (1984: 7). No primeiro caso estamos ante topónimos que mantiveron o primitivo núcleo nominal (UĪLLA, TĔRRA, FUNDŬS...) sobre o que o antropónimo exercía a función determinativa. Pola contra, nos topónimos elípticos ese núcleo perdeuse, pois dábase por sobreentendido. Teoricamente os topónimos elípticos son máis antigos, e os integrais denotan, pola contra, unha formación máis recente.

Integrais (5): Besgode, Porta do Cao, Cardeite, Fonte Almesendre, Vilaflores.

Elípticos (29): Altide, Armental, Baamonde, Baldomar, Baltar, Begonte, Buíde, Cenlle, Damil, Denune, Donalbai, Dongrandeo, Donsión, Felmil, Gaibor, Goldar, Guimarás, Illán de Abaixo / Illán de Arriba, Illoi, Martín de Abaixo / Martín de Arriba, Quitimil, Romariz, Saamil, Sandulfe, Santalla de Pena, Senande, Toimil, Uriz, Xulfe.



Antropo1: Núcleo nominal

b) antropónimo en xenitivo / antropónimo en acusativo (caso xeral románico): a estrutura [UĪLLA / TĔRRA / FUNDŬS + antropónimo en xenitivo] constitúe unha verdadeira reliquia da flexión latina, e mantívose como mecanismo preferente para a creación deste tipo de expresións toponímicas até aproximadamente os ss. X-XI. Pola contra, a estrutura [UĪLLA / TĔRRA / FUNDŬS + prep. *de* + antropónimo en caso xeral], en que a preposición acaba por se perder, só comeza a proliferar a partir desas datas. Xa que logo, este dato resulta de especial relevancia para acoutar unha cronoloxía máis ou menos precisa para a formación dos topónimos.

Xenitivo (28): Altide, Armental, Baamonde, Baldomar, Baltar, Begonte, Besgode, Buíde, Cenlle, Damil, Denune, Donalbai, Felmil, Fonte Almesendre, Gaibor, Goldar, Guimarás, Illán de Abaixo / Illán de Arriba, Illoi, Martín de Abaixo / Martín de Arriba, Quitimil, Romariz, Saamil, Sandulfe, Senande, Toimil, Uriz, Xulfe.

Caso xeral (6): Porta do Cao, Cardeite, Dongrandeo, Donsión, Santalla de Pena, Vilaflores.



Antropo2: Xenitivo / caso xeral

c) fondo lingüístico do antropónimo: é o criterio máis obvio e recorrente na clasificación dos topónimos de orixe antroponímica. No noso caso resulta doado distinguir tres estratos lingüístico-culturais: o xermánico, o latino e o prerromano. Con todo, debemos facer certas precisións. Por unha banda, entendemos como antropónimos latinos non só os xa existentes na tradición romana e que perviviron dalgún xeito nos romances, senón tamén aqueloutros nomes que foron incorporados ao latín a pesar de teren procedencia allea, fundamentalmente helénica e hebrea: velaí o caso de *Santalla,* que, en puridade, debería entenderse como un antropónimo de orixe grega (EŬLALĬA < ευ + λαλος). Por outra banda, cómpre ter en conta que os antropónimos prerromanos se mantiveron vivos nun contexto lingüístico latino, o que condicionou certas adaptacións formais.

Xermánicos (22): Baamonde, Baldomar, Baltar, Besgode, Cenlle, Damil, Dongrandeo, Donsión, Felmil, Fonte Almesendre, Goldar, Guimarás, Quitimil, Romariz, Saamil, Sandulfe, Senande, Toimil, Uriz , Vilaflores , Xulfe.

Latinos (10): Altide, Armental, Buíde, Denune, Donalbai, Gaibor, Porta do Cao, Illán de Abaixo / Illán de Arriba, Illoi, Martín de Abaixo / Martín de Arriba, Santalla de Pena.

Prelatinos (2): Begonte, Cardeite.



Fondos lingüísticos

Os datos e porcentaxes extraídos destas clasificacións permítennos estabelecer certas conclusións. Por unha banda, a inmensa maioría dos nosos antropotopónimos proceden dunha estrutura de xenitivo (82%), o cal, unido ao carácter elíptico da maioría deles (85%), fálanos dunha notábel antigüidade confirmada, como veremos, pola cronoloxía das atestacións máis temperás. Por outra banda, é clarísimo o predominio dos antropónimos xermánicos (65%), un dato coherente co recoñecido predominio destes nomes persoais na antroponimia galaica até aproximadamente o s. XII. Hai por tanto unha relación moi estreita entre estes topónimos e as características do sistema antroponímico da época en que, á luz da súa fisonomía particular, deberon formarse.

3. Estrutura formal dos topónimos

Propomos na seguinte tabela un modelo para a análise formal interna dos distintos topónimos a estudar. As pautas de formación dos mesmos revélanse moi uniformes e sistemáticas, podendo recoñecerse tres constituíntes fundamentais: o núcleo nominal (NN), a partícula de distinción social *Don-* (de función e aplicación moi concretas) e, por último, o propio antropónimo en que se alicerza o nome de lugar. No caso dos antropónimos de estirpe xermánica, e dada a peculiar estrutura que os caracterizaba, incluímos tamén os campos T1 e T2, alusivos aos dous posíbeis temas que podían participar na súa constitución (antropónimos monotemáticos vs. antropónimos bitemáticos).

3.1. Fondo lingüístico prelatino

	NN	DON	ANTROPÓNIMO
Begonte	–	–	UOCONTIUS
Cardeite	*car-* (<CASA)	–	EITA

3.2. Fondo lingüístico latino

	NN	DON	ANTROPÓNIMO
Altide	–	–	ALTITUS
Armental	–	–	ARMENTARIUS
Buíde	–	–	BONITUS
Denune	–	–	NUNNUS
Donalbai	–	**X**	ALBANUS
Gaibor	–	–	GAUIOLUS

	NN	DON	ANTROPÓNIMO
Porta do Cao	*porta* (<PORTA)	–	CANUS
Illán	–	–	(SANCTUS) IULIANUS
Illoi	–	–	ALIONIUS
Martín	–	–	MARTINUS

3.3. Fondo lingüístico xermánico

	NN	DON	ANTROP.	T1	T2
Baamonde	–	–	BADAMUNDUS	**badu*	**mund*
Baldomar	–	–	BALDEMARUS	**balƀ*	**mar*
Baltar	–	–	BALTARIUS	**balƀ*	*harijs*
Besgode	*bes* (<BUSTU)	–	GOTUS / GUTUS	*gôps* / **guts* / *gôths*	
Cenlle	–	–	SENILDI?	*sineigs*	*ildi*
Damil	–	–	*DANAMIRUS?	**dans*	*mêreis*
Dongrandeo	–	**X**	*GANDEREDUS	*gan(d)*	*redus*
Donsión	–	**X**	SILO	*sels*	–
Felmil	–	–	FILIMIRUS	**filu*	*mêreis*
Fonte Almesendre	*fonte* (<FONTE)	–	ERMESINDUS	**aírmans*	**sinƀs*
Goldar	–	–	GULDARIUS	*wulpus*	*harijs*
Guimarás	–	–	UIMARA		
Quitimil	–	–	*UITTIMIRUS?	**wit(t)*	*mêreis*
Romariz	–	–	ROMARICUS	**hrôm*	**rikaz*
Saamil	–	–	SALAMIRUS	**sal(a)*	*mêreis*
Sandulfe	–	–	SENDULFUS	**sinƀs*	*wulfus*
Senande	–	–	SISENANDUS	**sis*	**nanƀ*
Toimil	–	–	TEODOMIRUS	*ƀiuda*	*mêreis*
Uriz	–	–	(H)ONORICUS	**auna*	**rikaz*
Vilaflores	*vila* (< UILLA)	–	FROILA	*frauja*	
Xulfe	–	–	AGIULFUS	*agj-*	*wulfus*

4. Estudo etimolóxico

4.1. *Begonte*

Trátase dun dos topónimos begontinos cuantitativamente mellor atestados, e cun número meirande de variantes gráficas nos distintos textos. Aparece xa no *Parrochiale Suevum*, mais non no texto orixinal, senón na chamada "interpolación luguesa dos condados" que se lle acrecentou por volta do s. XII, e onde podemos ler a forma *Pogonti*, con hiperlatinización da consoante inicial e hipolatinización da consoante velar intervocálica. Xa que logo, o testemuño máis antigo non é o do *Parrochiale*, que retrotraería a existencia do topónimo cando menos até o s. VII, senón o que atopamos no testamento feito polo bispo Sisnando e seu irmán Rodrigo no ano 966 e conservado no tombo de Sobrado (*S966*). Neste texto figura a poboación coa súa advocación relixiosa: *in Sancto Petro, ad Boconti*. Dentro do mesmo tombo localizamos tamén *Boconti* no inventario dos condes Hermenexildo e Paterna (*S971?*)[1], e *Bogonti* na *Karta de quiniones de Constantim*, documento sen datar mais que non debe ser anterior ao s. XIII. Noutro texto, desgrazadamente tamén sen data, alúdese á freguesía de *Sancto Petro Abogonti.* Por último, en *NL* achégase unha referencia á *ecclesia Sancti Petri de Bogunti* extraída dun documento de maio de 1137. Toda esta riqueza de atestacións latinas e altomedievais contrasta coa escaseza de mostras xa explicitamente romances, para as que teremos que agardar até o s. XV. Deste xeito, nun contrato pertencente á colección de San Martiño de Vilourente e con data de 1412 menciónase *todo o padroadego que o dito frey Roy Martines avia et le perteesçia de aver en na iglesia de Begonte*. Décadas despois, nun repartimento redactado en Santiago de Compostela no ano 1488 (*SC1488*)[2] incorpórase a enésima variante formal do topónimo, ao referirse a *la yglesia de Gonte*.

Como constituínte de cadeas antroponímicas achámolo nun documento latino de Lourenzá datado en 1225, en que concorre como confirmante un tal *Didacus Menendiz de Begunte,* con toda a seguridade identificábel con *domnus Didacus Melendi, miles de Begonte* que figura nun texto santiagués de 1243.

Por tanto, temos unha mostra ampla de formas para o mesmo topónimo ao longo dos textos antigos: *Boconti* / *Bogonti* / *Abogonti* / *Bogunti* / *Begonte* / *Begunte* / *Gonte*, que, xunto co espurio *Pogonti,* deben remitir ao antropónimo UOCONTĬŬS (do que BOCONTĬŬS viría a ser unha variante meramente gráfica), a través do seu

[1] En todas as ocasións en que citemos os tombos de Sobrado seguiremos a edición de Loscertales de G. Valdeavellano (1976). No caso deste documento en concreto, a data dada pola editora é aproximativa, e, a xulgar por certos elementos do texto, quizais fose máis conveniente retrasala.

[2] Manexamos para este documento a edición feita por Cal Pardo (1999: 426-439).

xenitivo, nunha construción do tipo (UĪLLA) UOCONTĪĪ. Este nome persoal, co seu correlato feminino UOCONTIA, pode incluírse no fondo lingüístico céltico, e aparece testemuñado en inscricións da Hispania, Galia e Dalmacia. De feito, Nicandro Ares (1982: 101) suxire unha máis que probábel relación co etnónimo galo-narbonense UOCONTĪĪ.

Por tanto, *Begonte* representa un deses raros casos de pervivencia na toponimia galega dun nome de posesor non pertencente nin ao repertorio xermánico nin ao latino, se ben é certo que nos foi transmitido a través da onimia latina do Noroeste peninsular.

4.2. *Cardeite*

Nome dun dos barrais que constitúen a freguesía de Santiago de Felmil. Descoñecemos rexistros antigos deste topónimo, que tampouco figura recollido no dicionario de Madoz. Aínda así, parece fóra de toda dúbida que debemos incluílo no mesmo grupo que *Cardeita* (en Cabanas e Sandiás), *Casardeita* (en Ramirás, Celanova e Castrelo de Miño), *Casaldeite* (en Barreiros), *Lamasdeite* (Vilardevós) e *Viladeite* (en Cervantes). Chama a atención a concentración xeográfica destes topónimos (atópanse todos eles na vertente centro-oriental do país, con especial proliferación en terras ourensás), así como o mantemento en todos eles do núcleo nominal (*cas(a)*>*car-* [rotacismo], *casar*, *lamas* e *vila*).

Piel (1984: 11), ao ocuparse do caso concreto de *Viladeite*, suxire un posíbel *(UĪLLA) DEĬECTĪ en que se recoñece o xenitivo da forma latina DEĬECTŬS 'rexeitado, abandonado', neste caso utilizado como un *nomen humilitatis* cristián. Malia carecermos de atestacións antigas deste antropónimo, a hipótese de Piel resultaría aceptábel para os topónimos co elemento *-deite*, entre os cales se encontra o *Cardeite* begontino, pero deixa sen explicación os que presentan *-deita.* Para estes últimos hai que supor forzosamente unha base [*casa* / *casar* + prep. *de* + *Eita*[3]], antropónimo de orixe éuscara (*aita* 'pai', *aiton* 'padriño', ant. arag. *eitan* 'aio, amo', mañego *taita* 'pai') perfectamente coñecido e documentado na antroponimia medieval do Noroeste peninsular, e cuxa consagración como nome persoal debeu seguir unhas fases análogas ás que se observaron no latino DŎMĬNŬ (Rivas 1991: 151). Mais a elevada semellanza formal e estrutural dos topónimos que estamos a comentar parece esixir unha explicación única para todos eles, e cremos que a cadea toponímica [elemento posuído + prep. *de* + nome persoal *Eita*] pode dar conta de todas as formas mencionadas, inclusive daquelas que en principio, pola súa terminación *-e,* poderían remontarse a un xenitivo en -ī. Deste xeito, en *Cardeite*, *Viladeite*, *Casaldeite* e *Lamasdeite* podería pensarse nunha variante

[3] Nun documento de Celanova, sen datar, menciónase efectivamente un *casar de Eita*, identificábel con algún dos *Casardeita* que sinalabamos, todos eles ourensáns.

**Eite*[4] do antropónimo en cuestión, ou simplemente nunha relaxación do /a/ átono final, fenómeno nada estraño na toponimia galega e que nos parece a opción máis probábel.

4.3. *Altide*

Este barral da freguesía de Santa María de Trobo presenta unha denominación única, até onde sabemos, en toda a toponimia galega. Carecemos de rexistros medievais, quer latinos quer propiamente romances, mais atendendo á súa fisonomía parécenos moi probábel que proceda do antropónimo ALTĪTŬS. Trátase dun nome persoal certamente escaso na nosa onomástica medieval, e de feito localizamos un único exemplo en toda a documentación antiga galega, concretamente nun texto da colección de Caaveiro do ano 997 en que figura un *Altitus presbiter* entre os confirmantes. A súa estrutura, polo demais, é bastante transparente, e consecuencia dunha derivación do adxectivo ALTŬS mediante o sufixo -ĪTŬS, empregado na creación de participios verbais da CII e CIII e inclusive de certos adxectivos desubstantivos (MĔLLE→MĔLLĪTŬS e similares)[5]. Non son frecuentes os antropónimos relacionados co adxectivo ALTŬS. Kajanto (1982: 196) ofrece tan só o exemplo de ALTĪNŬS, que aínda así seguramente sexa un xentilicio do topónimo ALTĪNŬM.

4.4. *Armental*

Núcleo de poboación da freguesía de San Cristovo de Donalbai ausente da documentación antiga. Conta con numerosos homónimos en toda Galiza: Cambre, Pobra do Caramiñal, Guntín, Pantón e A Peroxa [2], a que hai que sumar un *O Armental* en Castro de Rei. Coidamos máis que probábel que esta forma proceda dun (UĪLLA) ARMENTARĪĪ, xenitivo dun antropónimo ARMENTARĬĬŬS moi ben atestado nos nosos textos medievais e especialmente utilizado na onomástica cristiá a xeito de *nomen humilitatis*. É evidente que a base deste nome persoal se encontra por súa vez no apelativo latino ARMENTŬM 'gando bovino', cuxa raíz pode recoñecerse noutros moitos topónimos galegos como *Armenteira*, *Armenteiros*, *Armentío*, *Armentón...* (Piel 1948: 34).

4.5. *Buíde*

O lugar de Buíde é un dos núcleos de poboación que constitúen a freguesía de San Martiño de Carral. Álvarez (1999: 88), ao estudar os topónimos formados co sufi-

---

[4] Boullón (1999: 195) rexistra como único exemplo a variante *Hecte* (*Hecte Gomenendez*) nun documento samonense de 1209.

[5] Segundo Álvarez (1999: 98), este mesmo sufixo é o que intervén na formación de abundanciais fitonímicos, de xeito que a alternancia *-ido* / *-edo* que a miúdo se aprecia nos mesmos non se explicaría pola hipótese tradicional da metafonía, senón realmente pola aplicación de sufixos derivativos diferentes.

xo *-ido* sobre bases fitonímicas, suxire unha posíbel relación de *Buíde* co substantivo *boedo*, aplicado a terreos incultos, húmidos e pantanosos e seguramente creado como abundancial do lat. BUDA 'xunco' (*BUDĒTŬ, por un xenitivo * BUDĒTĪ)[6]. Este apelativo explica efectivamente os fitotopónimos *(O) Boedo* / *(O) Boído*, localizados na provincia da Coruña se facemos caso da información ofrecida polo Nomeclátor[7]. Porén, as mencións máis antigas que se fan da aldea begontina, en textos da segunda metade do s. X copiados no tombo de Sobrado, permiten desbotar tal posibilidade. No testamento dos condes Rodrigo e Elvira, con data de 959 e recollido no tombo de Sobrado, lemos *in territorio Rabbati uilla Boniti cum suas adiectiones*, e como *uilla Boniti* figura tamén este núcleo de poboación noutros textos da mesma procedencia redactados en 966 e 971. A forma íntegra do topónimo reaparece nun documento lucense de 1120. Moi posterior é a primeira atestación romance, concretamente de 1476, nun documento en que o Cabido de Lugo afora a Pedro Sanjurjo *os casares de Booyde* e de paso alúdese ao *prestamo coonosible de Boyde, que es en Caaboy*[8]. Noutro documento, este da colección documental de San Salvador de Pedroso e con data de 1485, o topónimo aparece xa utilizado como apelido persoal: *enna casa que foy de Tareyia de Buide*.

Á luz destes testemuños, parece evidente que a orixe da forma moderna está nese (UĪLLA) BONĪTĪ dos textos latinos. Trátase do xenitivo do nome persoal BONĪTŬS, bastante frecuente, segundo parece, na antroponimia altomedieval catalá (Boullón 1999: 159). A súa estrutura morfolóxica explícase pola derivación do adxectivo latino BŎNŬS mediante o sufixo -ĪTŬS, e non se trata por tanto dun diminutivo de BŎNŬS propiamente falando. Cómpre ter en conta que BŎNŬS é utilizado con certa frecuencia na onimia latina, así como certos derivados entre os que non se conta BONĪTŬS (Kajanto 1982: 275). A utilización destes nomes persoais, que aluden en certo xeito a unha cualidade moral, debe relacionarse sen dúbida coas tendencias antroponímicas cristiás tan arraigadas en época altomedieval.

4.6. *Denune*

Nome dun barral da parroquia de Santiago de Felmil. Non figura na documentación antiga, nin latina nin propiamente romance. Malia esa carencia, cremos que esta forma pode explicarse a partir dun *(UĪLLA) DŎM(Ĭ)NĪ NUNNĪ, xenitivo do antropónimo NUNNŬS (gal.-port. *Nuno*, cast. *Nuño*), que, como apunta a xeminación expresiva da nasal, parece proceder da linguaxe infantil co valor de 'pai' (cfr. MAMMA 'nai'). De aí pasou a empregarse na regra de San Bieito como tratamento

[6] A mesma idea fora xa apuntada por Piel (1948: 46).

[7] Cinxíndonos estritamente á toponimia maior, encontramos *Boedo* designando entidades de poboación dos concellos de Camariñas, Culleredo e Cerceda. E recibe o nome de *O Boído* un barral da freguesía de Santiago de Boimorto, no concello homónimo.

[8] Trátase da actual freguesía de San Martiño de Caboi, hoxe inscrita no concello de Outeiro de Rei.

de respecto dos frades máis novos cara aos máis vellos (Rivas 1991: 236)[9], e acabou por se converter, a través das súas variantes, nun dos antropónimos mellor representados na nosa onimia medieval.

A evolución esperábel da cadea toponímica antes proposta levaríanos a unha forma **Donune*, que, por un proceso disimilatorio idéntico ao que comentaremos para *Besgode*, pasaría para o moderno *Denune*[10].

O noso topónimo carece de homónimos no resto do territorio galego, mais non é o único que tivo a súa orixe no nome persoal NUNNŬS. Bastante próximo á parroquia á que pertence Denune está o lugar de *Vilanune* (Vilalba). A forma *Vilanuñe*, con palatalización da nasal polo -ī do xenitivo, dá nome a unha entidade de poboación no concello de Antas de Ulla. Xa procedente do caso xeral é *Vilar de Nuño*, en Abadín, onde seguramente hai que pensar nun cruce coa forma MUNĬŬS, de orixe controvertida e que frecuentemente interferiu con NUNNŬS e as súas variantes.

4.7. *Donalbai*

Trátase dunha das freguesías máis importantes do concello. Emerxe nos documentos xa no s. X, mais non cunha forma precedente do seu nome actual, senón mediante a advocación que aínda hoxe conserva a parroquia, i.e., *San Cristovo*. Así, en *S966* cítanse uns *pumares in Sancto Cristophoro*, e noutro documento do tombo de Sobrado con data de 1019 figura esta freguesía como *Sancto Christoforo*, variante gráfica da anterior. Son, até onde nós sabemos, as mencións máis antigas a esta entidade de poboación. Con todo, só na documentación moderna e contemporánea a achamos designada xa mediante o antropotopónimo. Madoz consígnao primeiramente como *Donalbay,* mais noutras entradas dedicadas a distintas entidades de poboación desta mesma freguesía achamos as variantes gráficas *Don Albay* e *Don-Albay.* O topónimo pode retrotraerse sen maior dificultade a un (UĪLLA) DŎMĬNĪ ALBANĪ. O antropónimo ALBANŬS, "propio de libertos e servos" (Boullón 1999: 124), é interpretado por Kajanto (1982: 44, 181) como un *cognomen* xeográfico formado a partir do nome da antiga cidade de ALBA (LŎNGA) e a adición do sufixo xentilicio latino máis regular, i.e, -(A)NŬS. Non hai relación, cando menos directa, co adxectivo ALBANŬS, -A, -ŬM (<ie. **albh-*), que xerou o antropónimo ALBĪNŬS, base á súa vez dos diversos topónimos *Albín* (<ALBĪNĪ)[11]. Estamos por tanto perante un nome de estirpe latina, ben representado en época clásica e en

[9] Piel (1948: 114) tamén subliña este emprego da voz NUNNUS/NONNUS nas comunidades beneditinas, mais suponlle orixe exipcia e atribúelle o significado de 'eremita'.

[10] O topónimo begontino non foi o único das súas características que sufriu unha deriva evolutiva como a que vimos de describir. Así, dun hipotético *DŎM(Ĭ)NĪ MUNDĪNĪ temos hoxe *Demondín* (O Corgo), polo mesmo tipo de inflexión e no mesmo contexto fónico que vemos en *Denune.*

[11] Concretamente rexistramos o topónimo nos concellos de Santiso, O Saviñao, Castrelo de Miño e Vila de Cruces.

absoluto descoñecido na Galiza medieval. No tombo de Sobrado encontramos tres ocorrencias, concentradas en textos do s. X e figurando sempre como nome dunha testemuña ou confirmante. Entre esas atestacións atópase a máis antiga até hoxe coñecida, nun documento datado en 929. Aínda en documentos do s. XIII de distintas procedencias podemos constatar o uso de *Albanus* como apelido patronímico.

Se ben o xenitivo deste antropónimo está bastante representado na nosa toponimia, só en dous casos concorre coa forma de tratamento *Don*: no *Donalbai* begontino e en *Donalbán*, no concello do Corgo. Polo demais, ALBANĪ presenta *a priori* dous posíbeis rumbos evolutivos: a apócope do -ī final, pasando a vella nasal intervocálica latina a posición implosiva, ou ben a lenición e perda da dita nasal, que orixina un hiato ([a'i]) posteriormente adaptado como ditongo ([aj]). A primeira opción, que teoricamente implica unha antigüidade maior, é sen lugar a dúbidas a que maior éxito tivo, como demostran os diversos *Albán* espallados pola xeografía galega (A Pastoriza, Sarria, Ribadumia, Coles [2] e Tordoia[12]) e o mencionado *Donalbán.* A segunda posibilidade, porén, só se verifica no caso de *Donalbai*[13]. Isto pode entenderse como indicio do carácter máis serodio do noso topónimo con relación aos anteriores (pois na época en que se consolidou xa debía estar operativa a perda do -N-, e deixara de estalo a apócope de -ī), e quizais entronque coa xa sinalada ausencia de atestacións antigas[14].

4.8. *Gaibor*

A freguesía de San Xiao de Gaibor é anexa da de Santiago de Illán e aparece mencionada desde o s. X nos tombos de Sobrado. A primeira ocorrencia retrotráenos ao testamento dos condes Rodrigo e Elvira, con data de 959 (*S959*), onde aparecen

[12] A localización xeográfica de todos estes topónimos obriga a considerar un étimo en xenitivo. A excepción constitúea o *Albán* rexistrado en Ribadumia, que podería proceder tanto do xenitivo como do acusativo ao confluíren no galego occidental as terminacións características deses dous casos (-ANŬ e -ANĪ). Porén, a inexistencia dun cognado *Albao* ou similar no galego centro-oriental parece apoiar a hipótese dunha base en xenitivo tamén para este caso. En Portugal, Machado rexistra varios *Alvão*; algúns deles remiten con bastante seguridade ao caso xeral (como *Quinta do Alvão,* en Lamego), mentres que outros resultan menos transparentes neste sentido por mor da converxencia *-āe*>*-ão* característica da maioría de falares portugueses.

[13] Compárese co resultado *Illoi* (<ALĬONĪ?) e contrástese co diverxente *Illán* (<SANCTĪ IŬLĬANĪ).

[14] Ausencia especialmente salientábel se consideramos que algúns dos seus homónimos si aparecen nos textos medievais, nalgúns casos desde época bastante temperá. Así, o lugar de *Albán* na Pastoriza rexístrase xa como *Aluani* nun documento do tombo de Lourenzá do ano 1098. Os *Albán* que localizabamos no concello de Coles concorren como *villa Aluani* en varios documentos de Celanova pertencentes a épocas diferentes. Por último, o *Albán* pertencente na actualidade ao concello de Tordoia pode identificarse sen maiores problemas co *Vila aluan* que aparece nun documento de 1427. En canto a *Donalbán*, atopámolo nun documento de 1418 no que o Cabido de Lugo lle afora a Álvaro Díaz *os moynos novos de don Alvan* (repárese na forma xebrada, que suxire unha consciencia aínda viva do carácter composto do topónimo).

entre as propiedades relacionadas as vilas de *Baldemari*, *Iudeus et uilla Rauioli*[15]. En *S966* figura como *uilla Gauioli cum aiacenciis suis*, e por último, en *S971?*, lemos *in Boconti uilla Gauioli.* Evidentemente, a comparación dos tres testemuños lévanos á conclusión de que o *Rauioli* de *S959* é unha má lectura da forma propia *Gauioli,* presente nos outros dous textos. Na permuta feita polos bispos Aloito de Mondoñedo e Pedro de Lugo por volta de 1050-1060 aparece xa denominada *Gauoli*, sen o núcleo nominal *uilla.* A forma moderna, grafada como *Gayuor*, non aparece até o s. XV, e documentámola por vez primeira como constituínte dunha cadea antroponímica: así, nun texto redactado en Vilourente en 1433 concorre un tal *Pero de Gayuor* entre as testemuñas. Así e todo, aínda nun documento ourensán de 1480 cítase a *Alvaro Lopes da Ferraría et Juan de Gaybol, procuradores da çibdade de Lugo* e en *SC1488* noméase a *la yglesia de Gaibol.* Segundo Nicandro Ares (1982: 102), a primeira atestación da variante *Gaibor* (con disimilación das líquidas), presente en Madoz e hoxe oficial, aparece nun texto de 1570, en que efectivamente figura o nome da freguesía como *San Gilao de Gaibor*, mais o certo é que xa nun contrato de foro con data de 1486 lemos *Johan Lopez de Gaibor*[16].

As variantes *Gauioli* / *Gayuol* / *Gaybor* representan as fases evolutivas esperábeis a partir dun étimo (UĪLLA) GAUĬŎLĪ, xenitivo do antropónimo GAUĬŎLŬS, cuxo único vestixio toponímico foi segundo parece o noso *Gaibor.* O resultado explícase por unha apócope do -ī o suficientemente temperá como para que o -L- perdese o seu carácter intervocálico, a posterior metátese do iode e finalmente o habitual paso de /l/>/r/ en posición final. En GAUĬŎLŬS podemos recoñecer unha derivación do antropónimo GAUĬŬS (atestado na epigrafía hispana e tamén nun documento de Sobrado do ano 927) mediante o sufixo diminutivo ou afectivo -ŎLŬS, ben coñecido na nosa toponimia. O nome GAĬŬS ben podería ser unha variante de GABĬŬS, xentilicio da cidade de GABĪŬM, no Lacio, ao igual que GABĪNŬS, de época xa posterior e igualmente representado na nosa antroponomia e toponimia[17]. Con todo, outros autores apuntan unha base etrusca de que procederían asemade GAVENIUS e GAVINA. Nicandro Ares (1982, *ibid.*), relacionando esta familia antroponímica co léxico

[15] A forma *Baldemari*, como veremos, correspóndese coa actual parroquia de San Xoán de Baldomar, mentres que *Iudeus* deu lugar á forma moderna *Xueus*, nome dun barral da freguesía de Santiago de Gaioso (Outeiro de Rei).

[16] O topónimo aparece con moita frecuencia como constituínte de cadeas antroponímicas en documentos lugueses ao longo de todo o s. XV. Na maioría dos casos trátanse de referencias a unha mesma persoa, Xoán López de Gaibor, notario, procurador e logo rexedor da cidade das murallas, a quen se alude no devandito documento ourensán de 1480. Mais tamén atopamos secuencias onomásticas relativas a outros personaxes, como *Juan Ferrnandes de Gayvol* (nunha sentenza con data de 1403), *Lopo Rodrigues de Gayvol* (nunha permuta de 1447 e aínda en documentos de 1484 e 1491) ou *Afonso Lopes de Guayvol* (nun aforamento con data de 1449). As variantes gráficas do topónimo ao longo dos documentos nos que o rexistramos son múltiplas: *Gaybol* é maioritaria, mais atopamos así mesmo *Gayvol, Guayvol, Gaibol* e en menor medida *Gaybor* e *Gaibor.*

[17] Boullón (1999: 236) documenta *Gauinus* en Santiago no ano 898 e tamén en Sobrado no ano 942. Antropotopónimos relacionados con esta forma deben ser os varios *Gabín* e *Vilargabín* espallados polo territorio galego.

común, aínda sinala a homonimia entre a forma feminina GAUĬA, igualmente presente na epigrafía, e o apelativo latino GAUĬA 'gaivota', así como a posíbel interferencia entre estas formas e o par GAIUS / GAIA, que funcionaban quer como apelativos ('pega') quer como antropónimos.

4.9. *Illán de Abaixo / Illán de Arriba*

O topónimo *Illán* designa unha freguesía do concello de Begonte que ten como padroeiro a Santiago, mais tamén dá nome a dous dos barrais que conforman esa mesma parroquia. No mencionado repartimento de 1488 alúdese a *la iglesia de Yllan,* xa coa forma moderna do topónimo, mais con anterioridade, nun dos treitos da xa citada *KARTA DE QUINIONES DE CONSTANTIM*, fálase das propiedades dun tal Vermudo Rodríguez *in Bogonti et in Sancti Iuliani*. Se facemos caso desta única atestación latina, a orixe do topónimo debe estar nun (ECCLESIA) SANCTĪ IULĬANĪ. A evolución deste sintagma debeu ser a mesma que se verificou nos topónimos *Santullán*, *Santullano*, *Santillán...* ou, no caso de Santa Xuliana, en *Santillana* (Piel 1950: 58-59). A diferenza é que no topónimo begontino se verificou a perda do constituínte *Sant-*, que se mantivo nos demais haxiotopónimos. Non é este un fenómeno de todo estraño na nosa toponimia. Por pór soamente un exemplo, *Fontefiz*, na freguesía chantadina de San Fiz de Asma, debeu ser inicialmente un FŎNTE SANCTĪ FELICĪ, e poderían achegarse bastantes máis casos análogos.

Non coñecemos homónimos de *Illán,* aínda que cremos que o topónimo *Soutillán* (Trabada) pode explicarse a partir dun *SALTŬ IŬLĬANĪ, en que o antropónimo (neste caso nome de posesor, e non propiamente haxiónimo, segundo cremos) debeu sufrir un proceso idéntico ao que observabamos no noso topónimo de referencia. Tamén a un xenitivo IULĬANĪ hai que remitir as formas *Xullán* (Bóveda), *Xián* (Taboada [2]) e *Xillán* (Chantada [2]), caracterizadas pola esperábel conservación da consoante /ʃ/ (</ʒ/) procedente do iode inicial.

4.10. *Illoi*

O que hoxe é un barral da freguesía de Santa María de Saavedra aparece mencionado moi poucas veces na documentación antiga. De feito, nós soamente demos con un testemuño, bastante tardío (1411), en que o topónimo aparece xa coa súa feitura hodierna e formando parte dunha cadea antroponímica: *Maria Ferrandes, minna parenta, filla de Fernan Eanes de Illoy*. Coidamos que este topónimo pode vincularse co antropónimo latino ALĬONĬŬS, a través dunha formación (UĪLLA) ALĬONĬĪ. Este nome persoal non aparece no repertorio de Kajanto, mais está atestado nunha inscrición de Coria (Soria), en que lemos *C. Alionius* (Vives 1971, I: 31). Achámolo tamén, baixo a forma *Alioni,* na relación de testemuñas dun diploma de Liébana do ano 843.

A perda do -N- intervocálico e a palatalización da vogal pretónica por influxo do /λ/ subseguinte foron as transformacións que orixinaron a forma *Illoi* a partir da base ALĬONĪĪ. Nesta liña, tamén debe estar relacionada co noso topónimo a forma *Agrilloi*, nome dunha aldea da parroquia de San Lourenzo de Agualada (Coristanco)[18]. Unha evolución diverxente, con mantemento da vogal pretónica e caída temperá do -ī, é a representada por *Allón*, topónimo que encontramos en Vilarmaior e Pontedeume, este último atestado efectivamente como *Alion* en certos documentos de Caaveiro.

Outra proposta a considerar é a de Piel / Kremer (1976: 68), que fan proceder a variante *Allón* dun antropónimo xermánico *ALĬO, -ONĬS, relacionado coa raíz raíz *al-* do gót. *alls* 'todo', ou ben coa tamén xermánica *alj-* 'outro', 'forasteiro, estranxeiro', ambas as dúas presentes noutros nomes persoais ben testemuñados no Noroeste ibérico, e que neste caso estarían a funcionar como antropónimos monotemáticos[19].

4.11. *Martín de Abaixo / Martín de Arriba*

Son dous núcleos de poboación da freguesía de Santa María de Trobo. Malia non localizarmos ocorrencias destes topónimos na documentación antiga, resultan plenamente transparentes canto á súa orixe. Remiten a un sintagma (UĪLLA) MARTĪNĪ, con posterior determinación preposicional. O antropónimo MARTĪNŬS, "cognome tradicional de escravos e libertos" (Piel 1948: 102), está etimoloxicamente relacionado co teónimo MARS, e a súa difusión tivo sen dúbida que ver coa do culto de San Martiño de Tours.

Os exemplos deste topónimo elíptico no territorio galego son tan abundantes que resultaría enfadoso enumeralos. Porén, cómpre pór en relevo, como xa fixeron outros autores, que non todos eles teñen que provir necesariamente do xenitivo MARTĪNĪ, xa que a forma *Martín* é a solución esperábel do acusativo MARTĪNŬ no galego oriental (fronte a *Martiño*, no resto de Galiza)[20].

4.12. *Porta do Cao*

Atopámonos, malia a ausencia de testemuños medievais que o confirmen inequivocamente neste caso, perante o antigo adxectivo *cão* (<CANŬS), que da acepción inicial 'branco, canoso' acabou atinxindo a de 'persoa vella' utilizado xa como *cog-*

[18] A pesar de encontrarmos a forma *A Grilloi* nalgún cartel indicador da zona.

[19] Ao xenitivo ALĬONIS podería retrotraerse o topónimo portugués *Alhões*. Mais trabúcanse ao noso xuízo os estudosos alemáns cando pretenden asignarlle a mesma base etimolóxica a *Anllóns*, cuxa orixe está moi seguramente nun plural ANGULŌNES.

[20] O mesmo vale para a forma íntegra *Vilamartín,* que rexistramos en Tordoia, Ourol e Vilalba. Formas con determinación preposicional son *Vilamartín de Valdeorras* (concello e freguesía) e *Vilamartín Pequeno* / *Vilamartín Grande* (ambos no concello de Barreiros).

nome en época clásica (Kajanto 1982: 223) e bastante frecuente como alcume e posteriormente apelido na nosa antroponimia medieval. Na nosa toponimia coñecemos un *Porta dos Caos* (onde *Cao* aparece xa seguramente como nome familiar), no coruñés concello de Frades, e Machado (1993: I, 339, s.v. *Cão*) ofrece diversos exemplos do territorio portugués, como *Lama do Cão*, *Lameiro do Cão* ou *Várzea do Cão*, entre outros.

4.13. *Santalla de Pena*

Os primeiros rexistros deste topónimo pertencen ao s. XIII, e aparecen en documentos do tombo de Sobrado. As atestacións máis antigas son de 1202, e nelas o topónimo funciona como constituínte de certas cadeas antroponímicas, como p. ex. *Petrus Petri de Sancta Eolalia de Pena* e *Iohanne Guterriz de Sancta Eolalia de Pena*. Duns poucos anos máis tarde, concretamente de 1206, é a primeira aparición do topónimo como elemento autónomo, nun documento en que o abade Paio de Sobrado fai un pacto con Xoán Rodríguez acerca da *hereditate nostra quam habemus in Sancta Eolalia de Pena*. Xa en *SC1488* se menciona *la yglesia de Santalla* entre as pertencentes ao arciprestado de Ribas de Miño. Obviamente estamos ante o haxiónimo SANCTA EŬLALĬA (do grego ευλαλια 'a ben falada'), moi difundido por todo o Noroeste peninsular e que presentou evolucións fonéticas moi dispares (Piel 1950: 25).

4.14. *Baamonde*

Este núcleo de poboación (barral e freguesía) aparece mencionado co seu nome actual en diversos documentos pertencentes ao tombo de Sobrado. A referencia máis antiga de que coñecemos a data remítenos ao ano 1019, nun testamento en que Goterre Muñoz e súa irmá lle legan ao mosteiro de Gaioso, entre outras propiedades, *uilla Bademundi cum sua ecclesia.* Noutros textos posteriores do mesmo tombo reaparece xa como topónimo elíptico: *de medietate ecclesie Sancti Iacobi de Baamundi cum omnibus pertinentiis suis* (*TS*, 1188); *de nostra medietate de ecclesia Sancti Iacobi de Baamundi* (*TS*, 1191); *de ganantia quam etiam de compara in Baamundi* (*TS*, c. 1205)

O seu uso como apelido persoal, abundantísimo ao longo de todo o medievo, comeza a rexistrarse tamén por esta época. Así, na *Karta de quiniones de Constantim* menciónase a un tal *Froyle Ueremudi de Baamundi*, e noutro documento de 1151 comparece *Petro Diaz de Balamondi.* De feito, nos textos medievais romances que puidemos consultar, tanto galegos como casteláns, o topónimo aparece sempre como constituínte dunha cadea antroponímica, precedido de preposición.

Procede sen lugar a dúbidas de (UĪLLA) BADAMŬNDĪ, xenitivo do antropónimo BADAMŬNDŬS en cuxa formación concorren os temas **badu* 'loita' e **mund-* 'man,

protección'. Porén, Rivas (1991: 117) postula un primeiro tema **wad(o)-* 'fianza'.

Coñecemos homónimos nos concellos de Toques e Vilasantar, relativamente próximos á localidade begontina, así como nos de Muras e Paderne de Allariz. Tamén se rexistra un *Bamonde* en Teo.

4.15. *Baldomar*

A freguesía de San Xoán de Baldomar aparece mencionada desde cedo nos documentos medievais, e de novo temos que acudir ao tombo de Sobrado para atoparmos esas primeiras alusións. A máis antiga dáse en *S959*, texto fundamental para a recolla das atestacións máis temperás de moitos topónimos de Begonte e a súa contorna. Entre as localidades doadas está *Baldemari*, que reaparece como *Baldemar* en *S971*. Nunha serie de documentos moi posteriores, redixidos todos eles na primeira década do s. XIII, comparece como confirmante un tal *Petrus presbiter de Baldomar*.

As atestacións do topónimo en textos medievais estritamente romances son moi escasas. De feito, nós soamente localizamos unha, en *SC1488*, en que se alude a *la yglesia de Valdomar*. Esta forma con *V-* antietimolóxica aparecía nos carteis indicadores da zona até datas relativamente recentes, e seguramente se vía apoiada por un comprensíbel fenómeno de asociación etimolóxica en virtude do cal se identificaba a sílaba inicial co substantivo *val* (<UALLEM). Cómpre salientar, con todo, que Madoz rexistra o topónimo como *Baldomar,* con grafía etimolóxica.

É evidente que a orixe deste topónimo está nun (UĪLLA) BALDEMARĪ, de BALDEMARŬS, antropónimo en que se recoñece un compoñente **balƀ* 'valente, audaz' e outro **mar* talvez relacionado con voces como **marha* ('corcel de batalla'), *marei* ('mar') ou inclusive **marka* ('marca, fronteira'). O tema **balƀ*, conforme a unha tendencia ben coñecida na antroponimia xermánica, funcionou tamén como nome autónomo, baixo a forma *Baldo* e similares[21]. Rivas (1991: 118) propón para BALDEMARŬS a base *Wald-mêreis*, composta de **waldan* 'gobernar' e o ben coñecido elemento *-mêreis* 'famoso, célebre', adaptado ao latín como *-mirus.* Supón xa que logo que BALDEMARŬS é unha forma alternante de BALDEMĪRŬS, que tamén deixou vestixios na toponimia galaica[22].

O topónimo *Baldomar* existe ademais nos concellos de Carballo, Muxía, Ortigueira, Guitiriz, Nogueira de Ramuín, A Peroxa e Covelo, co cal está en xeral ben representado por todo o territorio galego.

---

[21] Relacionados con este nome monotemático deben estar topónimos como *Balde* (en Carballeda de Avia) e *Vilabalde* (en Sober), p. ex.

[22] O Nomenclátor de Galicia rexistra *Baldomir* como nome de lugar nos concellos de Bergondo, A Laracha e Folgoso do Courel. A variante *Baldemir* aparece no ourensán concello de Lobeira.

4.16. *Baltar*

Recibe este nome un barral da freguesía de San Salvador de Damil. O topónimo é moi abondoso en toda a documentación antiga, quer latina quer romance, mais en ningún caso se refire a esta entidade de poboación, senón a outras aínda hoxe existentes no territorio galego. Todas elas presentan a mesma orixe: un sintagma (UĪLLA) BALTARĪĪ, xenitivo do antropónimo BALTARĬŬS, en que recoñecemos o mesmo tema inicial que sinalamos en *Baldomar* (**balβ* 'valente, audaz'). O segundo compoñente é *harijs* 'exército', que como vemos foi adaptado ao latín como -ARĬŬS, de xeito que se produciu unha converxencia entre o tema xermánico e o sufixo latino homónimo, sufrindo ambos os dous a mesma evolución fonética. Isto explica que, canda ao topónimo *Baltar* (hoxe en Aranga, Carballo, Irixoa, Melide, Muxía, Narón, Paderne, Pobra do Caramiñal, Vilarmaior, Chantada, A Pastoriza, O Vicedo, Vilalba, Caldas de Reis, Cambados, A Estrada, Ponte Caldelas, Sanxenxo; e lugar, freguesía e concello na provincia de Ourense[23]) exista a variante *Balteiro* (en Boiro, Cedeira, Ribeira, Gomesende, Maside, Mos e Vilaboa), procedente xa do caso xeral e por tanto cronoloxicamente posterior.

4.17. *Besgode*

Barral da freguesía de San Pedro de Begonte. Ante a falta de documentación antiga que nos ofreza unha mínima marxe de seguranza, vémonos na obriga de conxecturar acerca da estrutura e primitiva significación deste topónimo. Consideramos cando menos plausíbel derivalo dun sintagma de posesión *BUS(TŬ) GOTĪ ou *BUS(TŬ) GUTĪ, onde o substantivo que funciona como núcleo nominal (co significado ben coñecido de 'pastos para o gando, especialmente o bovino') sofre apócope debido á súa posición proclítica. Do hipotético **Busgode* ou **Bosgode*[24] pásase á forma actual *Besgode* mediante un proceso de disimilación da vogal pretónica (xa de seu moi inestábel) por influxo da tónica, ambas as dúas de articulación velar[25]. Algo moi similar debeu acontecer con outros topónimos de estrutura similar, e situados nunha área xeográfica e lingüística moi próxima á que nos ocupa: referímonos a *Besteburiz* e *Besterrexulfe*[26], ambos en Ourol, que presentan

[23] A eles habería que engadir *Os Baltares,* rexistrado na freguesía de Santa María de Barbeiros (Ordes). Seguramente estamos aquí ante un apelido familiar de orixe toponímica que acabou dando lugar a un novo topónimo. Trátase dun fenómeno para o que non resulta difícil atopar exemplos, sendo estes especialmente transparentes cando o apelido en cuestión é un patronímico (*Os Dices*, *Os Martís*...), mais non só.

[24] A variante con /o/ (*Bosto*) é menos habitual que a que presenta /u/, mais aínda así se localizan exemplos, e é "característica del norte de Galicia (prov. de Lugo y La Coruña)" (Piel 1954: 82).

[25] O mesmo mecanismo explicaría o paso de *Bogonte* a *Begonte* e de **Donune* a *Denune,* sen esquecer que a pronuncia con labialización da vogal pretónica destes topónimos é moi frecuente na actualidade.

[26] Aínda podería postularse unha interferencia coa voz *besta*, formalmente similar a *busto* e pertencente a unha esfera semántica non moi afastada da súa.

os paralelos *Buriz* (<OBORĪCĪ) e *Rexulfe* (<RECĬŬLFĪ) en Muras e Ourol, respectivamente. A existencia destes topónimos elípticos permítenos postular como bases etimolóxicas uns sintagmas *BUS(TŬ) OBORĪCĪ e *BUS(TŬ) RECĬŬLFĪ.

O antropónimo monotemático que tomamos como referencia é GOTO (>*Godo*), que se rexistra con certa abundancia desde comezos do s. IX. Nun comezo, Piel (1937: 142) sinalaba como orixe deste nome o gót. *gôps* 'bo' ou ben *guƀ* 'Deus', e descartaba a súa relación co etnónimo **guts, *guta* 'godo'. Mais, posteriormente, Piel / Kremer (1976: 173), e con eles Boullón (1999: 242), consideraron xa as tres posibilidades. No extremo oposto, Rivas (1991: 194) soamente considera a opción do etnónimo, que á súa vez procedería do gót. *gôths* (sic) 'bo'. O problema que ofrece este antropónimo é que presentaba xénero feminino, e o seu correspondente masculino era *Goda* / *Guda* (< GUTA). É de supor que este par antroponímico acabase adoptando o xénero natural románico, i.e., *Godo* interpretouse como masculino e *Goda* como feminino (Piel 1937: 142)[27], o cal facilita o recoñecemento de descendentes toponímicos no noso territorio: deste xeito, xa nun documento samonense da primeira metade do s. XI se alude a un lugar denominado *Lama de Goto.* Centrándonos na toponimia moderna, podemos sinalar os casos de *Aldegode*[28] (Salceda de Caselas), *Gude* (en Ribeira e Lugo) e, con moita cautela[29], *Vilagude* (A Estrada), en que habería que supor unha acción metafónica do -ī sobre a vogal tónica. En *Godóns* (Covelo) podería pensarse nunha flexión consonántica tipicamente xermánica do antropónimo que nos ocupa. Nun plano distinto deben situarse os topónimos procedentes de nomes persoais bitemáticos en cuxa constitución interveu como formante o elemento -GOTŬ/-GUTŬ: referímonos a *Gorgode* (As Pontes de García Rodríguez), *Sabegode* (Sobrado) e quizais *Redigode* (tamén en Sobrado)[30].

4.18. *Damil*

A freguesía de San Salvador de Damil formaba unha antiga xurisdición xunto coa de Santiago de Felmil, da que aínda hoxe figura como anexa. Na documentación máis antiga, tanto latina como xa galega, falta calquera referencia a esta poboación. Até onde nós sabemos, o seu nome aparece por vez primeira nun documento de 1440 en que María Fernández lle vende a Fernán Díaz os *seus coutos de Felmill et*

---

[27] Así e todo, e fiándonos das atestacións recollidas por Boullón (1999: 242) e Rivas (1991: 194), a maioría de exemplos do antropónimo *Godo, Goto* e variantes son referidos a mulleres. Pola contra, a forma *Goth*, rexistrada aínda no s. XIII, é sempre masculina

[28] Piel / Kremer (1976: 181) consideran tamén a posibilidade dun nome persoal ELDEGOTŬS como antecedente deste topónimo.

[29] Cautela obrigada ao existir tamén a opción dun antropónimo de base ACŪTŬS 'agudo', non atestado na nosa documentación antiga mais si na onimia latina clásica, e que quizais é o que subxace ao topónimo *Castragude* (O Incio).

[30] Para *Redigode,* Piel / Kremer (1976: 176) suxiren unha orixe *río de Goti* (sic), mais quizais podería interpretarse á luz do tema xermánico **reƀ* 'consello', presente por exemplo no antropónimo RETERĪCŬS.

de Dimill e todo canto posuía *sub signo et fiigresias de Santiago de Felmill et San Salvador de Dimill.* Fronte a esta forma con asimilación do vocalismo pretónico temos *Damille*, no testamento da propia María Fernández, redactado só un mes máis tarde. A forma máis próxima á moderna atéstase en *SC1488*: *la yglesia de Damill*.

Parece cando menos moi probábel que o topónimo remita ao nome persoal *Damiro,* bastante ben atestado na época altomedieval. Porén, non está clara a composición do antropónimo de base, e máis en concreto a do primeiro dos temas que participan na súa constitución, pois o segundo é claramente *-mêreis* 'famoso, célebre'. Piel / Kremer (1976: 111) suxiren unha raíz **dans* 'dinamarqués, nativo de Dinamarca', o que suporía unha forma *DANAMĪRŬS ou similar non documentada. Outra posibilidade tamén apuntada polos devanditos autores e recollida por Rivas (1991: 143) é a do tema **dag(a)-*, do gót. **dags* 'día' (al. *Tag*), que suporía partir de * DAGAMĪRŬS (>*Daamiro*) ou ben de *DAGMĪRŬS (>*Dammiro*). Antropónimos ben documentados que presentan este mesmo formante son *Dagadrudia, Dagaredus* e *Dagildus*, entre outros (Boullón, 182).

O topónimo existe hoxe nos concellos de Abegondo [2] e Xinzo de Limia. Este último é o único que aparece rexistrado xa nos textos latinos, ben como *Damiri* ben como *villa que fuit de Damiro,* nos documentos do mosteiro de Celanova.

4.19. *Cenlle*

Este núcleo de poboación pertencente á parroquia de San Pedro de Begonte non aparece rexistrado nos textos antigos, mais si o seu homónimo ourensán, que emerxe en documentación do s. XIII con formas como *Çeelle*, *Çeenlle* e similares. En textos trecentistas da colección documental de Oseira atopamos a variante *Selle*. A orixe de ambos os dous topónimos, dada a súa identidade formal, debe ser a mesma, e cremos que podería proporse como base etimolóxica o antropónimo SENILDĪ. Esta forma é susceptíbel de dúas interpretacións. Podería entenderse como nome persoal feminino (así atestado en documentos de Sobrado dos anos 935 e 964; *Sinildi* xa en 887), co característico sufixo *-ildi* (<*hildi* 'loita, combate') que nestes casos parece ter función hipocorística. Nesa secuencia fónica produciuse a asimilación das consoantes (/ld/>/ll/> /l/) e a posterior palatalización da lateral alveolar resultante por influxo da vogal final (/li/>/le/), fenómeno ben coñecido na nosa antropotoponimia. A outra opción sería velo como o xenitivo dun hipotético *SENILDŬS, non atestado, mais no que se recoñece ese mesmo formante *-ildi* empregado nesta ocasión como segundo formante dun nome masculino. Con todo, esta hipótese parécenos menos probábel, pois as formas en -ILDŬS "são menos frequentes e parecem analógicas às femininas" (Piel 1960: 141), e ademais a súa cristalización na toponimia adoita xerar formas en *-ilde*, sen os fenómenos de redución e palatalización que viamos no primeiro caso.

En canto ao primeiro dos formantes, de aceptarmos a proposta etimolóxica que vimos de desenvolver, trataríase do gót. *sineigs* 'vello'. Porén, tampouco sería descartábel un antropónimo de base cun primeiro formante *cen-*, ben atestado na documentación antiga galega e portuguesa, enraizado quizais no gót. *qino* 'muller, esposa' e susceptíbel de interferir co xa sinalado *sin-* (Piel / Kremer 1976: 108).

4.20. *Dongrandeo*

Carecemos de atestacións medievais para este topónimo, nome dun dos barrais da freguesía de San Cristovo de Donalbai. Madoz rexístrao como *Dongrandeu.* Podería remitir a un *DŎMĬNŬ GANDEREDŬ, coa habitual perda do -D- (**Dongandereo*), a síncope do -E- pretónico (**Dongandreo*) e unha posterior metátese aínda favorecida pola interferencia do adxectivo *grande* (*Dongrandeo*). O antropónimo *GANDEREDŬS é unha forma hipotética reconstruída por Piel / Kremer (1976: 145) a partir do patronímico *Canderedizi* e de topónimos galegos e portugueses como *Ganderei* (do xenitivo) ou *Gandareu* (do caso xeral), formalmente moi próximos ao que nos ocupa. Na súa estrutura recoñécense o tema *gand-* 'encantamento, feitizo' e *-redus*, do gót. **rêþs* 'consello'.

Outra posibilidade sería considerar o antropónimo (DŎMĬNŬ) GUNDEREDŬ, do gót. **gunþi* 'loita' e o xa sinalado *-redus*, documentado desde época temperá e que deixou bastantes vestixios toponímicos no noso territorio[31]. De feito, Rivas (1991: 191) asimila a este antropónimo os exemplos toponímicos e patronímicos que Piel / Kremer aducían en favor do hipotético * GANDEREDŬ.

4.21. *Donsión*

O nome deste barral da freguesía de Santa María de Saavedra non se rexistra nos textos medievais, mais debe ter sen dúbida a mesma orixe que o seu homónimo do concello de Lalín: un sintagma (UĪLLA) DE DŎMĬNŬ SILONE en que se recoñece o acusativo do antropónimo SILO[32], quizais relacionado co gót. *sels* 'bondadoso, afectuoso; apto, capaz', aínda que a súa frecuencia na epigrafía e na documentación medieval levou a algúns autores a consideralo inclusive como autóctono (Boullón 1999: 415). De feito, Rivas (1991: 273) identifícao co *cognomen* latino SILO, SILA, SILIUS. A mesma orixe que *Donsión,* mais sen o título de dignidade, deben de ter *Sión* (Cotobade) e quizais tamén *Seón* (Navia de Suarna).

---

[31] Así, proceden do xenitivo *Gondarei* (A Estrada, Meis [2]), *Gondrei* (Sobrado) e posibelmente tamén *Gondré* (As Pontes de García Rodríguez). Ao caso xeral remite o topónimo *Gondreo*, en Arteixo.

[32] Do xenitivo SILONIS debe provir o topónimo *Siós*, nome de lugar e freguesía no concello de Pantón.

4.22. *Felmil*

As referencias antigas a este topónimo begontino son bastante escasas. Na documentación de Sobrado soamente aparece en *S966*, pois entre as pertenzas legadas polo bispo Sisnando e seu irmán Rodrigo ao mosteiro de Sobrado constan uns *pomares in Felmiri*. En *NL* recóllese *in terra Balestari, Santº de Felmir* nun documento de 1062, e xa moi posteriores, de mediados do s. XV, son as primeiras atestacións en documentos galegos: así, na xa citada venda outorgada por María Fernández en 1440 fálase, como xa vimos, dos coutos *de Felmill et de Dimill* e da parroquia de *Santiago de Felmill*, mentres que no seu testamento aparece a forma disimilada *Fermille*. En *SC1488* alúdese, pola súa banda, a *la yglesia de Felmill.* Esta forma *Felmil* / *Felmill,* sen a esperábel disimilación da primeira das laterais homosilábicas, mantense de feito en documentos modernos dos ss. XVI e XVII, e é a que recolle Madoz e a que figura hoxe no Nomenclátor oficial. Porén, a variante *Fermil,* esporádica nos textos antigos, pode escoitarse con frecuencia na zona e inclusive figura nalgún cartel indicador. Na actualidade coñecemos outro *Felmil* en Outeiro de Rei, varios *Fermil* nos concellos de Valdoviño, Palas de Rei, A Estrada e As Neves e un *Portofermil* en Vilalba. Todos eles proceden do nome persoal FILIMĪRŬS, ben atestado na Alta Idade Media e con diversas variantes (FELMĪRŬS, FELEMĪRŬS etc.). Na composición deste antropónimo interveñen os elementos **filu-* 'moito' e *mêreis* 'famoso, célebre'.

4.23. *(Fonte) Almesendre*

Carecemos de documentación antiga en que se mencione este barral da freguesía de Santa María de Saavedra. Aínda así, cremos moi probábel que remita a un FŎNTE ERMESĬNDĪ, de xeito que estaría relacionado con outros moitos topónimos galegos procedentes do mesmo antropónimo, entre eles *Ermosende* (en Viveiro) e *Formosende* (en Fene), sen esquecer o *Hermisende* zamorano, este último cun *h*-antietimolóxico.

O nome persoal ERMESĬNDŬS (así como a súa variante feminina ERMESĬNDA) está bastante ben representado nos textos medievais. Participan na súa constitución dous temas xermánicos ben coñecidos: o gót. **aírmans*, *aírmins* 'grande, ancho' e o gót. *sinþs* (adaptado como *-sindus*) 'camiño'.

4.24. *Goldar*

Este lugar da freguesía de Santa María de Saavedra aparece mencionado xa desde o s. X. O testemuño máis temperán remítenos a *S966*, en que se alude á *uilla Gundari cum insula de Ualeiri*[33]. No inventario de Hermenexildo e Paterna (*S971?*)

[33] Esta *insula de Ualeiri* non é outra que o actual lugar de Porto Ver, na freguesía de Santa María de Cela (Outeiro de Rei).

alúdese a dúas poboacións, *uilla Calabogi* e *uilla Onoriz* (Caboi e Uriz), situadas segundo o texto *in Lagina Guldar.* Por último, figura como *Guldari* nunha relación de topónimos dun documento sen data pertencente ao mesmo tombo.

Á luz destas atestacións, e aínda a pesar da forma testemuñada en *S966* (que debe ser má lectura ou reinterpretación do orixinal), o topónimo remite sen dúbidas a un (UĪLLA) GULDARĪĪ, xenitivo do antropónimo GULDARĬŬS formado cos temas góticos *wulpus* 'magnificiencia' (ou quizais *gulƀ-* 'ouro') e o xa visto *harijs* 'exército'. Polos motivos xa apuntados a respecto de *Baltar*, rexistramos, xunto con *Goldar* (único descendente galego do xenitivo GULDARĪĪ), a forma *Guldeiros* (na freguesía de San Martiño de Pino, concello de Cospeito), que, como xa sinalara Piel (1954: 257) debe ser o plural de *Goldeiro/Guldeiro*, procedente do caso xeral GULDARĬŬ-[34].

4.25. *Guimarás*

Nome dun barral da freguesía de San Fiz de Cerdeiras, ausente da documentación antiga, en que non faltan aínda así atestacións doutros homónimos aínda hoxe recoñecíbeis na xeografía galega. Até onde nós sabemos, o primeiro rexistro dun topónimo *Guimará(n)s* dáse nun documento do mosteiro de Cins datado en 911, en que se menciona como límite unha *archam que stat inter Uimaranes et Tugurion.*

A orixe desta forma parece estar nun (UĪLLA) UĪMARANIS, xenitivo xermánico de UĪMARA de que derivaron tamén os homónimos existentes no Corgo, Muras, Outeiro de Rei, Pantón, Paradela, Allariz, Esgos, O Irixo e Piñor, así como a variante occidental *Guimaráns* rexistrada en Ames, A Baña [2], Padrón, Vedra e As Neves. Malia ser UĪMARA un antropónimo perfectamente coñecido na onimia medieval de todo o Norte peninsular, a súa estrutura aínda non está totalmente esclarecida. Piel (1968: 95-99) postula dúas hipóteses explicativas. Na primeira delas segmenta o nome nos compoñentes **weig-* (>*wi-*) 'loita' e **marha*, este último xa comentado a respecto de *Baldomar*. O problema, enunciado polo propio autor, radica en que os topónimos en que intervén ese constituínte **marha* remiten a unha terminación -MARĪ (>*-mar*) que á súa vez esixe unha forma latinizada en -MARĪS. Deste xeito, UĪMARA constituiría un caso excepcional, pois todos os topónimos a que deu lugar implican necesariamente unha flexión xermánica, como viamos. Habería que pensar, por tanto, que este nome persoal foi o único que escapou á latinización de todos cantos presentan o tema **marha*. Unha segunda interpreta-

[34] Piel / Kremer (1976: 159) equiparan a este exemplo o de *Os Guildeiros*, lugar do concello de Ribadeo, mais quizais neste caso o topónimo non teña que ver cun nome persoal, senón co apelativo *guilda* ('guinda' segundo Rivas) e un derivado *guildeiro* (cfr. *guildeira* 'guindo, el árbol' segundo Rivas, e o substantivo *guindeiro*, aboado por diversos autores co mesmo significado). O topónimo *As Guindeiras*, existente hoxe no concello da Caniza, presentaría idéntica motivación.

ción do antropónimo suporía fragmentalo nos temas **wim-*, de orixe e semántica pouco claras, e *ara* 'aguia', este último ben representado nos nomes persoais galaicos de orixe xermánica, mais sempre como primeiro elemento da composición (Piel / Kremer, 1976: 77). En canto a **wim-*, Rivas (1991: 296) suxire unha relación con palabras como o islandés *vim* 'vigor' ou o inglés *win* 'vencer, gañar pola forza', vinculado á súa vez co gót. *winnan-*[35].

4.26. *Quitimil*

Soamente atopamos referencia a este topónimo en Madoz, que o rexistra como *Quintinil.* Máis unha vez, a claridade do segundo tema (*mêreis* 'famoso, célebre') contrasta coas dúbidas que suscita o primeiro. Piel / Kremer (1976: 187) remíteno de comezo para o antropónimo QUIDEMĪRŬS, presente nun documento do tombo de Sobrado do ano 867 e en que intervén o gót. *qiþ-* 'falar'. Porén, os propios autores non descartan a posibilidade de que se trate da raíz **wit(t),* de orixe e significación aínda pouco esclarecidas e que aparece en termos como *fraweitan* 'proporcionar dereito'. Rivas (1976: 301) relaciónao con *witan* 'saber, atender, vixiar' e *witi* 'entendemento'. Sexa como for, non hai dúbida de que este elemento **wit(t)-* é o que participa na construción de antropónimos como *Victemirus* e *Victimirus*[36], atestados na documentación de Sobrado, ou o *Wittemirus* que Piel / Kremer datan en 672, entre outros. Tanto a opción de QUIDEMĪRŬS como a de *UITTIMĪRŬS implican certas dificultades fonéticas, mais estas parécennos máis salvábeis no segundo caso: podería pensarse na habitual adaptación do *w-* xermánico ao romance galego-portugués mediante un fonema oclusivo velar /g/, e nunha posterior equivalencia acústica /g/~/k/. Un proceso deste tipo viría en certo xeito avalado pola existencia de pares toponímicos como *Guitiande* (en Brión) / *Quitiande* (en Vimianzo), que con toda a probabilidade deben retrotraerse ao antropónimo UĪCTENANDŬS (xen. UĪCTENANDĪ), rexistrado nun documento portugués de 1037.

4.27. *Romariz*

Nome dun barral da freguesía de San Salvador de Damil. Malia non aparecer aludido nos textos antigos, non é difícil recoñecer na xénese deste topónimo un (UĪLLA) ROMARĪCĪ, xenitivo do nome persoal xermánico ROMARĪCŬS, en cuxa composición interveñen dous temas ben coñecidos na onomástica xermánica: o gót. **hrôm-*, para o que Piel / Kremer (1976: 231) dan o significado 'valor, gloria', e o xerm. **rikaz* 'poderoso, rico'.

---

[35] Existe tamén como antropónimo autónomo (*Vima*) nun documento portugués de 1032.

[36] Boullón (1999: 458) sinala a probábel interferencia do lat. UICTORĬA ou do antropónimo UICTOR nestas formas.

O topónimo procedente do xenitivo rexístrase non só en Begonte, senón tamén nos concellos de Fene, Abadín, Guitiriz, O Incio, Palas de Rei, Vilalba, Riós, Agolada e Soutomaior. A variante con seseo implosivo (*Romarís*) é coñecida na Baña, Boiro, Brión, Negreira, Padrón, Vedra, Vimianzo e Vilanova de Arousa, e documentamos unha variante integral *Vilarromarís* no concello de Oroso. Menos fortuna tivo o descendente do caso acusativo (*Romarigo*), de que só coñecemos un caso, no concello de Cangas.

4.28. *Saamil*

É o nome dun barral da freguesía de Santa María do Castro. Desde o punto de vista cuantitativo este topónimo é dos mellor representados de todo o repertorio que estamos a estudar. Todas as atestacións que coñecemos pertencen ao tombo de Sobrado. As máis antigas dátanse xa no s. X e presentan o topónimo na súa forma íntegra: é o sintagma *uilla Salamiri* o que encontramos en *S959, S966* e *S971?* Mais en documentos do s.XII aparece xa como topónimo elíptico: *et inde per aucterium de Saamir* (*TS*, c. 1151); *portione de Hero Aluitit de Constantim et de Saamir* (*TS*, 1187); *uilla que uocatur Saamir in terra de Goyoso* (*TS*, 1199).

Da primeira década do s. XIII son varias cartas en que diversos particulares doan ou venden aos frades de Constantín e Sobrado as propiedades que posuían nos poboados da contorna, entre eles Saamil, que emerxe constantemente ao longo destes textos. Nalgunhas ocasións aparece utilizado xa como apelido persoal, como p. ex. en *Azende Menendi de Salamir*, un dos personaxes máis mencionados nos devanditos documentos.

Nos exemplos que vimos de expor obsérvase á perfección a relación entre *Saamil* e o antropónimo SALAMĪRŬS, en que se recoñecen asemade os temas **sal(a)-* (‘edificio’, ‘corte’, ‘sala’), ben produtivo na nosa toponimia, e o xa sinalado *mêreis* ‘famoso, célebre’. Rivas (1991: 264) considera máis apropiado un primeiro compoñente **saiwala* ‘alma, vida’.

O homónimo *Samil* existe hoxe en Arzúa, Boimorto, Oza dos Ríos, O Pino (2), Rois, Toques, Vilarmaior, Muras, Vilalba e Vigo, e rexístrase un *Samir* no concello da Laracha e un *Sanmil* (con interferencia da forma apocopada de *santo*) en Sober. A eles hai que engadir outros topónimos procedentes dese mesmo nome persoal, mais que ou ben remiten ao caso xeral acusativo e son por tanto cronoloxicamente posteriores (caso de *Samiro,* en Carballo e na Laracha) ou ben proceden dun xenitivo declinado ao modo xermánico (SALAMĪRANIS>*Samiráns,* tamén na Laracha).

4.29. *Sandulfe*

Malia a ausencia de testemuños medievais, non cabe dúbida de que o nome deste barral da parroquia de Santalla de Pena procede de (UĪLLA) SENDŪLFĪ, xenitivo do

antropónimo SENDŪLFŬS, composto asemade dos temas góticos **sinƀs-* ('viaxe, camiño', correspondente ao antigo alemán *sint* / *sind*) e *wulfus* ('lobo'). Rivas (1991: 270) apunta a dificultade de determinar exactamente o primeiro compoñente, pois, tendo en conta a inestabilidade da vogal pretónica, tamén podería tratarse de **sanƀ-* 'verdadeiro'. Localizamos a variante *Sandolfe* en Monterroso, e o topónimo integral *Casandulfe* en Piñor.

4.30. *Senande*

Nome que recibe un barral da freguesía de San Cristovo de Donalbai. A feitura do topónimo aínda permite adiviñar o SISENANDŬS orixinal, antropónimo formado polo gót. **sis-* 'bebedizo, maxia, canto fúnebre' e o gót. **nanƀ-* 'audacia, ousadía'. Este nome coñeceu diversas variantes que explican a súa considerábel descendencia toponímica no Noroeste hispánico. Concretamente, Piel / Kremer (1976: 248) localizan a forma SENANDŬS nun documento portugués de 1059, e seguramente sexa a ela á que hai que remitir non só o *Senande* begontino e os seus homónimos de Boqueixón, Muxía, Antas de Ulla, Guitiriz, Palas de Rei e A Caniza, senón tamén os topónimos *Sinande* en Carballo, *Cachosenande* en Boqueixón e *Casenando* en Pobra de Trives, este último procedente xa do caso xeral románico. De SISENANDŬS con síncope do -E- e rotacismo deben provir os diversos *Sernande* existentes en Chantada, O Corgo, Pantón e Taboada. A listaxe de topónimos vencellados a este antropónimo aínda podería arrequentarse con novos exemplos pertencentes a cortes cronolóxicos distintos e resultantes de variantes diferentes do mesmo nome persoal.

4.31. *Toimil*

Este barral da freguesía de Santalla de Pena aparece, até onde nós sabemos, nunha única ocasión en toda a nosa documentación medieval, pois debe tratarse da *villa quo dicunt Teodemiri, territorio Parricense* mencionada nun documento do ano 922 do tombo de Lourenzá. A súa orixe está nun (UĪLLA) THEODEMĪRĪ, xenitivo de THEODEMĪRŬS, en que se recoñecen os constituíntes *ƀiuda* 'pobo' e *mêreis* 'famoso, célebre'. Trátase dun antropónimo de abondosa presenza nos textos altomedievais, onde se constata ademais unha considerábel variedade de formas. Rexístrase *Toimil,* ademais de en Begonte, nos concellos de Lalín, Xove e Paradela; *Tuimil* en Bóveda, Valdoviño e Redondela; e, procedente do acusativo, *Toimiro* en Pobra de Trives. Estes topónimos parecen remitir a formas como TODEMĪRŬS / TUDEMĪRŬS ou similares, que efectivamente aparecen na documentación antiga: así, Piel / Kremer (1976: 262) localizan un *Todemirus* nun texto portugués de 1001, e *Tudemirus* en cartas de comezos do s. X.

4.32. *Uriz*

Esta entidade de poboación pertencente á freguesía de San Martiño de Carral emerxe xa desde bastante cedo na nosa documentación antiga. Temos mencións a unha (*Villam) Honorici* en textos lugueses datados no 897, mais, atendendo ao contexto toponímico en que se inscriben, debe tratarse doutros homónimos aínda hoxe existentes en territorio galego[37]. As referencias ao *Uriz* begontino concéntranse máis unha vez no tombo de Sobrado, podendo aparecer con forma plena ou elíptica: deste xeito, encontrámolo citado como *Onorici* en *S959* e como *Onoriz* noutro documento sen datar, mais en *S971?* figura aínda a cadea íntegra *uilla Onoriz*. Estas atestacións medievais non deixan lugar a dúbidas e permítennos dar como antecedente do topónimo un (UĪLLA) (H)ONORĪCĪ, xenitivo dun antropónimo HONORĪCŬS ben coñecido na documentación antiga galega. O tema inicial remite ao gót. **auna-*, de significación pouco clara e en cuxa representación gráfica debeu sentirse a miúdo a influencia da voz latina HONOR e do antropónimo HONORĬŬS dela derivado. Con todo, Rivas (1991: 197) quere recoñecer a raíz xermánica **hunn* 'oso', relacionada entre outras co célt. *kuno* 'forza'. Menos problemas ofrece o segundo tema da composición, identificábel co ben coñecido e produtivo **rikaz* 'poderoso, rico'.

O antropónimo gozou de ampla descendencia na toponimia galaica. Cómpre ter en conta que a perda do -N- intervocálico deu lugar a un hiato /o'o/ que se resolveu ben mediante a crase ben mediante a disimilación (/o'o/> /ow/), fenómeno perfectamente verificábel tamén no léxico común. As formas *Uriz* (en Begonte, Castroverde e Chantada), *Vilauriz* (en Baleira) e *Viloriz* (en Sober) representan a primeira opción, con ou sen inflexión da vogal pretónica por parte do /i/ tónico. A vía da disimilación explica as variantes *Ouriz* (en Taboada e Pereiro de Aguiar), *Ourís* (en Arzúa) e *Ourigo* (no Saviñao). O caso de *Vilouriz* (rexistrado en Melide, Toques, Cospeito e Nogueira de Ramuín) e o seu equivalente *Vilourís* (en Aranga) podería encadrarse de comezo en calquera das dúas liñas evolutivas, e só a documentación antiga nos permitirá determinar con certeza cal delas foi a que prevaleceu en cada exemplo concreto.

4.33. *Vilaflores*

Parécenos pouco probábel que o nome deste barral da freguesía de Pacios proceda do apelativo FLOR ou dalgún antropónimo relacionado con el, pois de ser así o

[37] Nun deses documentos alúdese a un *terminum Honorici* que debe ser o actual *Vilouriz* da freguesía de San Xiao de Zas de Rei (Melide), ou ben a parroquia homónima do veciño concello de Toques. Tampouco podería descartarse o actual *Ourís* existente en Arzúa. Máis próxima á área que nos interesa está a *Villam Onorici cum Villasusu* correspondente ao moderno *Vilouriz* que, ao igual que o *Vilasuso* que o acompaña, pertence hoxe á parroquia de San Pedro de Seixas, no concello de Cospeito, veciño do de Begonte.

lóxico sería agardar un /tʃ/ inicial como o que observamos en *Chorío* / *Churío* (<FLORĪDŬ), *Chorente* (<FLORENTĪĪ), *Churiz* (<FLORĪCĪ)... e aínda no substantivo común *chor.* En todo o caso, e de proceder efectivamente dese nome común, habería que pensar nunha formación toponímica relativamente recente ou ben nunha forma influenciada polo castelán[38].

Persoalmente cremos moito máis plausíbel que se trate dun composto [*vila* + *(de)* + *Froilaz*], pois a maioría dos *Flores* existentes hoxe na antroponimia e toponimia galegas remiten ao patronímico de FROILA (→FROILACĪ>*Froilaz* / *Froiaz*). Este nome persoal está formado pola raíz gótica *frauja* 'señor', coa adición do sufixo hipocorístico masculino -ILA, e deixou abondosos vestixios toponímicos que non imos enumerar, para alén de seguir a usarse hoxe como antropónimo na forma *Froilán* (<FROILANE). Por outra banda, non son en absoluto estraños os antropotopónimos en cuxa constitución participou un apelido patronímico, ben nun sentido estrito de posesión unipersoal, ben aludindo ao apelido da familia que habita o lugar: velaí os exemplos de *Vilaestévez* (en Lugo e Zas), *Vilafernández* (en Dumbría e Santiago de Compostela)... e inclusive topónimos elípticos como *Ordóñez* (en Friol), *Estévez* (en Santa Comba) e outros.

4.34. *Xulfe*

Nun comezo pensamos nun (UĪLLA) GENŪLFĪ como orixe do nome desta aldea da parroquia de Santalla de Pena. Trataríase por tanto do xenitivo do antropónimo GENŪLFŬS que, malia non aparecer na documentación antiga estritamente galega, si o fai en textos portugueses do s. XI. A partir de GENŪLFĪ non é difícil chegar a unha solución *Xulfe* mediante un proceso que en nada contradí as regras da gramática histórica (**Gẽũlfe*>**Juulfe*>**Julfe*). O topónimo portugués *Jufe* achegado por Piel / Kremer (1976: 149) sufriría as mesmas mudanzas, mais nel verificaríase a maiores a asimilación da lateral á fricativa, típica do tratamento que lle deu o portugués á terminación *-ulfe* / *-olfe.*

Porén, e despois de consultar outros traballos e repertorios, cremos máis probábel unha base (UĪLLA) AGĬŪLFĪ, xenitivo do nome AGĬŪLFŬS, bastante ben documentado en Galiza e Portugal a través de distintas variantes, entre elas AIGULFUS e ACIULFUS (Rivas 1991: 93). Este é, sen dúbida, o nome persoal que subxace ao topónimo chantandino *Axulfe*, e no *Xulfe* begontino habería que supor unha deglutinación do [a] inicial, reintrepretado como artigo e posteriormente suprimido. Un fenómeno similar é o que explica o topónimo *A Ulfe* (Chantada), procedente do xenitivo ADŪLFĪ.

[38] A mesma interpretación nos merecen, p. ex., *Flores* (Aranga, Coirós), *Vilaflores* (Dumbría, Lalín), *Vilar de Flores* (Allariz)... No caso de *As Flores* (Vigo) ou ben se trata en efecto dun topónimo máis recente ou ben dun antropotopónimo relacionado con *Froila,* mais con artigo adventicio.

Estes dous antropónimos teñen en común o seu segundo tema, que non é outro que o gót. *wulfs* 'lobo', moi presente na nosa toponimia a través dos seus distintos resultados (*-ulfe, -olfe, -oufe*...) En GENŪLFŬS intervén unha raíz *gen-*, de orixe e significación discutidas. Boullón (1999: 237) suxire unha posíbel orixe céltica ao vinculalo co tema *-genos* 'nacido de', e subliña asemade a súa presenza na antroponimia franca desde cando menos o s. III. Rivas (1991: 684), a respecto do antropónimo monotemático GINA, interpreta a raíz *gen-* como adaptación xermánica do latín *geno* / *gigno* 'enxendrar' (de onde 'ascendencia, prole'). Como vemos, os valores semánticos son en boa medida coincidentes en ambas as dúas propostas. Canto a AGĬŪLFŬS, o primeiro tema debe de ser o gót. **agj-* 'susto'.

5. Conclusións

No concello de Begonte dáse unha concentración moi significativa de topónimos etimoloxicamente enraizados en vellos nomes de posesor e, en menor medida, en haxiónimos. As datas das atestacións máis recuadas, a estrutura formal interna e a predominancia duns determinados fondos lingüísticos fálannos, en moitos casos, dunha xénese maioritariamente altomedieval e en estreita interconexión co sistema antroponímico dominante daquela altura no Noroeste peninsular. Por outra banda, tanto as bases etimolóxicas como as transformacións por elas experimentadas ao longo da súa evolución encontran paralelos interesantes noutros moitos topónimos galegos de natureza similar, paralelos que tentamos pór en relevo ao longo destas liñas e que nos permiten unha comprensión máis cabal do conxunto.

6. Recursos

6.1. Abreviaturas

NL = "Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis". Véxase Cañizares (1992).

S959 = Testamento dado por Rodrigo e Elvira.

S966 = Testamento do bispo Sisnando e seu irmán Rodrigo.

S971? = Inventario feito polos condes Hermenexildo e Paterna das súas propiedades na área de Sobrado. A datación é meramente aproximativa.

SC1488 = Documento redactado en Santiago de Compostela en 1488, en lingua castelá, en que se inclúe a listaxe das freguesías do antigo arciprestado de Riba de Miño. Véxase Cal Pardo (1999).

TS = *Tumbos de Sobrado*. Véxase Loscertales de G. de Valdeavellano (1976).

6.2. Bibliografía

Álvarez Blanco, R. (1999): "Topónimos en *-edo* e *-ido*", en Boullón Agrelo, A. I. (ed.) (2002): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas*: 87-101 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Ares Vázquez, N. (1982): "Begonte, Gaibor, Trobo, notas histórico-etimolóxicas", *Grial,* 75: 100-104.

Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)* (Tubingen: Niemeyer).

Cal Pardo, E. (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcrición íntegra dos documentos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Cañizares, B. (1992): "Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis", *Lucensia*, 5: 137-185.

Kajanto, I. (1982): *The Latin Cognomina* (Roma: Giorgio Bretschneider).

Loscertales de G. de Valdeavellano, P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes* (Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural-Archivo Histórico Nacional).

Machado, J. P. (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa* (Lisboa: Livros Horizonte).

Madoz, P. (1986) [reimp. facs. da ed. de 1846]: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia* (Santiago de Compostela: Libros Galicia).

Olano Silva, V. (1967): "Toponimia gallega", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, t. 8: 121-129.

Piel, J. M. (1937): *Os Nomes Germânicos na Toponímia Portuguesa (I. Adães-Novegilde)* (Lisboa: Imprensa Nacional).

Piel, J. M. (1948): *Nomes de "Possessores" Latino-Cristãos na Toponímia Asturo-Galego-Portuguesa* (Coimbra: Universidade de Coimbra).

Piel, J. M. (1950): *Os Nomes dos Santos Tradicionais Hispânicos na Toponímia Peninsular.* Separata de *Biblos,* vv. XXV-XXVI (Coimbra: Universidade de Coimbra).

Piel, J. M. (1954): "*Bustum, pascua, veranea, hibernacula* y términos análogos en la toponomástica del NO hispánico", en *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa* (1989): 81-94 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Piel, J. M. (1960): "Toponímia germânica da Península Ibérica", en *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa* (1989): 149-172 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Piel, J. M. (1984): "Novíssimas achegas à história da tradição antropo-toponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico", *Verba,* 11: 5-24.

Piel, J. M. / Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches namenbuch* (Heidelberg: Carl Winter).

Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispano* (Lugo: Alvarellos).

Vives, J. (1971): *Inscripciones latinas de la España romana* (Barcelona: Universidad de Barcelona-CSIC).

6.3. Recursos informáticos

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). <http://balteira.cirp.es/codolga/>

TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega. <http://www.usc.es/ilgas/tmilg/>